



Estimadas/os compañeiras/os

Este pasado día 27 de xaneiro véñense de aprobar definitivamente os Orzamentos do concello.

A posición dos Socialistas foi contraria á proposta presentada polo goberno porque entendemos que non son nin de lonxe os mellores orzamentos posibles para Pontevedra. Por que? Porque foron configurados de presa, e correndo, facendo un curta e pega dos anteriores e o que é peor, sen facer un diagnóstico da situación do concello e ás costas das necesidades reais dos cidadáns

Estes orzamentos non solo non profundizan nas políticas sociais senón que vense impregnados dun tufo a beneficencia perigoso. Un desapego das políticas sociais que durante moitos anos se foron construíndo dende o concello e que agora vanse difuminando nunha rede cada vez menos publica.

Non é un bo orzamento aquel que dedica mais de 200.000 euros a directores xerais para un goberno de 8 liberados ( e non hai mais porque os outros catro xa están xubilados) e 5 persoas de confianza contratadas, mentres que non hai unha partida específica para loitar contra a pobreza enerxética

Non é un bo orzamento aquel que opta por seguir pagándolle a unha empresa privada 5,8 millóns de euros ao ano por abastecernos de agua en lugar de intentar recuperar ese servizo para o público.

Non é un bo orzamento aquel no que aparecen 98.000 euros para persoal de prensa e protocolo e non hai ni un euro para crear dúas prazas de traballadores/as sociais cando o servizo está desbordado.

Non é un bo orzamento aquel no que hai mais de 1,7 millóns de euros (incluíndo a iluminación) para festas e non contempla unha partida específica para axuda ao pago de alugueres das familias con dificultades económicas.

Non é un bo orzamento aquel que gasta mais de 1 millón de euros en Publicidade e pola contra dedica solo 36.000 euros para medidas de reactivación económica

Non é un bo orzamento aquel que pretende dedicar 2 millóns de euros a campos de fútbol cando non foi capaz nin de licitar os dous previstos para 2016 mentres hai aínda miles de veciños que non dispoñen de conexión á rede de saneamento.

Non é un bo orzamento aquel que crea partidas xenéricas para obras no casco urbano e no rural sen especificar cales se van a acometer. Case 5 millóns de euros sen destino específico.

Non é un bo orzamento aquel que non contempla a mais mínima previsión de canto vai a custar a implantación da compostaxe, nin prever ni un euro para iso que queren facer na Canicouva, nin dicirnos a



repercusión económica que vai a ter nos veciños e o que é mais grave, esconder como e quen vai a xestionar o sistema

Pero aínda hai outro problema moito mais gordo: Non saber xestionar un orzamento.

Os propios funcionarios municipais din nos seus informes que o goberno municipal solo executou o 44,44% dos investimentos recollidos no orzamento de 2016. Menos da metade do prometido.

O Panorama é desalentador. Por iso os Socialistas propuxemos unha serie de emendas intentando corrixir á deriva conservadora do goberno nacionalista. Xuntámolas **en arquivo aparte para o voso coñecemento.** Todas foron rexeitadas polo BNG

Este non é o Orzamento que necesitan os veciños e veciñas por moito que o alcalde diga que esta consensuado co movemento veciñal: ¿Acaso algún veciño/a estaría en contra de cobrarlle una taxa as empresas de telefonía móbil por ocupación do dominio publico e dedicar esa recadación a incrementar a partida para mantemento dos colexios?. ¿Acaso os veciños/as estarán en contra de que en vez de que un goberno con 8 liberados e 5 contratados de confianza lle pague a 4 directores xerais, dedique eses cartos a mellorar as subvencións aos clubs deportivos ou a crear unha liña de axudas para aquelas persoas e familias con escasos recursos que teñen que facer uso de centros de Día? ¿Acaso os veciños/as estarán en contra de que dos dous millóns para campos de fútbol, un millón se dedique a avanzar no saneamento do rural tendo en conta que hai aínda outros 2 millóns pendentes de gastar en outros dous campos de fútbol? ¿Acaso os veciños/as prefiren investir 500.000 euros na Fracha en vez de utilízalos para poñer en marcha un plan de reactivación económica que axude un pouco a saír desta crise?. ¿Acaso os veciños/as se oporían a elaboración dun Plano Estratéxico para fixar a nosa folla de ruta para a próxima década?

Este concello necesita unha política de esquerdas, seria e construtiva, centrada nas persoas mais que nas cousas. Sensible as necesidades dos cidadáns e cunha folla de ruta moi clara do que desexamos para a nosa cidade na próxima década. Os Socialistas seguiremos traballando para que se adopten políticas progresistas, alonxadas do autobombo e da venta mediática. Pontevedra merece moito mais.

Pontevedra 2 de febreiro de 2017

Asdo: Tino Fernández

Asdo: Paloma Castro

Asdo: Iván Puentes